

MODIFICACIÓN DO DECRETO DE LISTAS EN TRAMITACIÓN

Santiago de Compostela 25/01/2021

Remitiuse hoxe, pola DX de Función Pública ás OOSS o [Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.](#)

A proposta de redacción é a seguinte:

«Artigo 12. Actualización de méritos:

*A actualización de méritos **realizarase anualmente de oficio** pola Administración **na data que se estableza mediante Resolución** da dirección xeral competente en materia de **función pública** que se publicará no Diario Oficial de Galicia. **Nesta resolución darase publicidade á lista provisional, dispoñendo os interesados dun prazo de dez días para reclamar no caso de non estar conformes coa mesma**».*

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O borrador está publicado no [Portal de transparencia da Xunta de Galicia.](#)

Prazo para remitir suxestións: 21/01/2022 - 31/01/2022.

Podes realizalas:

- A través do portal de transparencia premendo neste [enlace](#).
- Remitindo ao correo:

sindicato-uxt@xunta.gal